

---

TEMA 6

---

Coñecemento aberto e colaborativo no ensino

Duración do curso: 30 horas

---



# Coñecemento aberto e colaborativo no ensino: tecnoloxías e SWL



# Obxectivos

Neste tema coñeceremos o concepto de recursos educativos abertos, saberemos para que nos poden servir e así poderemos ver o camiño que vai tomando a ensinanza a nivel global. O seu uso fará que sexamos partícipes da comunidade global, interconectando o profesorado e o alumnado coa investigación.



# Que son os recursos educativos abertos (REA)?

Como sabemos, a evolución da humanidade produciuse grazas á transferencia de coñecemento entre as diferentes xeracións. Ata fai ben pouco tempo, uns 20 anos, esta transferencia de coñecemento facíase a través dos libros. Hoxe en día, grazas á rede Internet, é posible acceder a gran cantidade de coñecemento dun xeito moi sinxelo e a un custo bastante baixo.

Agora, os recursos educativos abertos forman parte da tendencia actual a facilitar o acceso ao coñecemento a través da web, permitindo que todas as persoas nos poidamos beneficiar.

## Os recursos educativos segundo a

Os recursos educativos abertos denomínanse en inglés OER, acrónimo de *Open Educational Resources*.

A UNESCO, a Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, fomenta desenvolvemento destes recursos e os define deste xeito:



Os recursos educativos de libre acceso son materiais “de ensino, aprendizaxe ou investigación que se atopan no dominio público ou que foron publicados cunha licenza de propiedade intelectual que permite a súa utilización, adaptación e distribución gratuítas.”

Ligazón: UNESCO: Acceso ao coñecemento, Recursos educativos abertos (ligazón externa).

# Que é un OpenCourseWare

---

Un **OpenCourseWare** (OCW) é unha publicación dixital gratuíta e aberta de alta calidade de materiais educativos de **nivel universitario**. Estes materiais organízanse como cursos e a miúdo inclúen materiais para a planificación e instrumentos de avaliación, así como o contido temático.




OpenCourse Ware é gratuito e con licenza aberta, accesible a calquera persoa en calquera momento a través de Internet.

Co seguinte vídeo entenderémolo mellor:

# Que é un MOOC?

Hoxe en día ofértanse moitos cursos en liña gratuítos por parte de diferentes universidades. Moitos deles son denominados **MOOC**. MOOC é o acrónimo do inglés *Massive Open Online Course*, é dicir, Cursos en Liña Masivos e Abertos. Trátase dunha modalidade de educación aberta normalmente ofrecida gratuitamente a través de plataformas educativas en Internet. A súa filosofía é que a liberación do coñecemento chegue cada vez a un público máis amplo.



Para que un curso a distancia sexa considerado MOOC debe cumprir os seguintes requisitos:

- Ser un **curso**: debe contar cunha estrutura orientada á aprendizaxe e contar con probas e avaliacións para acreditar o coñecemento.
- Ter carácter **masivo**: o número de posibles matriculados é moi elevado e con alcance global.
- **En liña**: o curso é a distancia. Non require da asistencia a unha aula.
- **Aberto**: os materiais son accesibles de forma gratuíta en Internet.
- 

Para profundar máis: <http://desarrolloweb.dlsi.ua.es/cursos/2012/quesonlosmoocs/>

# Conclusión

---

Neste tema vimos algúns dos diferentes pasos que se están a dar na educación a nivel global. Con estas novas tendencias intentamos transmitir un modelo baseado en filosofías de coñecemento aberto ao tempo que nos apoiamos en estándares útiles que poidan perdurar no tempo.



Cada vez e máis doado acceder ao coñecemento pero non nos debemos enganar: **as tecnoloxías aínda non chegan a todas as persoas**. A coñecida fenda dixital está aí e non a debemos esquecer. As ferramentas libres e os estándares abertos fan que sexa máis doado e axudan a que o salto ás tecnoloxías e ao coñecemento sexa máis accesible.